

Modificación da Programación
Didáctica do Departamento de
Tecnoloxía segundo a Orde do 25 de
xaneiro de 2022 pola que se
actualiza a normativa de avaliación
Curso 2021-2022

IES Carlos Casares(Vigo)

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación obriga a facer os seguintes cambios na programación do departamento de Tecnoloxía para o curso 21/22:

TECNOLOXÍAS 2º - 3º - 4º ESO.

O Apartado 9 **Cualificación** queda redactado do seguinte xeito:

Para traducir nunha nota o resultado do proceso de avaliación en cada trimestre, obteranse tres cualificacións independentes:

- Un 50 % da cualificación obterase mediante os exercicios escritos.
- Un 30% obterase como media do prototipo, as memorias e os traballos de aula taller, estimación do traballo realizado na aula de informática
- Un 20% serían as actividades / exercicios de clase ou casa e o caderno. Das actividades valorarase a precisión na resposta, que están completas, limpeza, puntualidade na entrega..... Do caderno: limpeza, orde , puntualidade na entrega... E o comportamento, as actitudes presentadas en clase, a puntualidade e o respecto a compañeiros e profesor/a.

Sumadas as tres notas arrojará a nota que se expresa trimestralmente. Agora ben, cando o alumnado teña unha especial carencia dalgún dos contidos (exames en branco ou case en branco, ausencia dos traballos de investigación, non realización dos exercicios/actividades encomendados para casa, faltas de asistencia sen xustificar, faltas graves de comportamento...) ou nalgún exame teña a nota menor cun 3, non se fará media, senón que se avaliará negativamente todo o proceso.

Considerase que o alumnado que teña 8 faltas de asistencia sen xustificar por trimestre (en segundo e terceiro) e 12 faltas sen xustificar en cuarto, atópase no caso anterior, e por tanto será avaliado negativamente. Se as faltas fosen xustificadas, deberá elaborar os traballos de recuperación pertinentes para que poida ser avaliado positivamente.

En caso de falta a un exame soamente se repetirá na avaliación correspondente se fose xustificada de xeito oficial (xustificante médico ou deber inescusable). A avaliación deixarase sen cualificar. Todos os exames pendentes dunha avaliación realizaranse nunha única data acordada polo profesorado na avaliación seguinte.

Cando o alumnado estea a cursar unha materia pendente do ano anterior a súa avaliación será positiva sempre que entregue os traballos que se lle vaian mandando facer cada trimestre e, no caso de que estes presenten erros importantes sexan corrixidos. Tamén deberán facer unha pequena proba/cuestionario sobre o traballo feito. O alumnado ten dereito a facer un exame global en maio.

Considérase que un alumnado abandonou a área cando:

Se está a cursar a área:

- Non trae a libreta a clase máis do 50% das clases, non a entrega para corrixir ou
- Non entrega os traballos de investigación, a memoria dos proxectos ou os exercicios/actividades encomendadas para casa ou
- Non participa na construción dos proxectos e prácticas de taller ou
- Deixa os exames en branco.

Se ten a materia pendente doutro curso:

- Non entrega os traballos de recuperación que se lle vaian pedindo ó longo do curso nas datas sinaladas ou non se presenta ó exame.

Dado que a avaliación é continua a nota de cada trimestre elaborarse considerando e valorando todo o proceso realizado dende o comezo do curso.

A nota final (avaliación final) se lle sumará un punto máis ao alumnado que entreguen correctamente os resumos dos libros elixidos (cando os haxa).

Para tomar nota de todos estes puntos disporase dun medio (caderno, dispositivo electrónico...) de avaliación na que se irán apuntando observacións. Unha das táboas corresponde a información das tarefas individuais e a outra corresponde á información dos grupos.

Entre a terceira avaliación e a avaliación final o profesorado levará a cabo un plan de traballo baseado en actividades de reforzo e recuperación para o alumando que non superou a materia na terceira avaliación parcial e de ampliación para o alumando que si a superou. Estas actividades serán avaliadas de cara a nota final: a nota de cada avaliación parcial suporá o 30 % da nota final e as actividades deste período un 10%.

PROGRAMACIÓN 2ºESO e TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN 4º ESO.

O Apartado 11 **Criterios de cualificación** queda redactado do seguinte xeito:

A cualificación de cada avaliación será un número entre 1 e 10, sen decimais, considerándose apto ao alumnado con cualificación igual ou superior a 5. Para o cálculo desta cualificación utilizaranse os seguintes criterios básicos:

- Os contidos conceptuais e procedementais constituirán un 90% da nota
- Os contidos actitudinais constituirán un 10% da nota
- Ademais, terase tamén en conta que:
- A falta de asistencia a unha proba debe ser xustificada.
- A non realización de traballos obrigatorios suporá unha cualificación negativa e pode implicar o suspenso na avaliación sumativa.
- A presentación dos traballos voluntarios, no caso de estar ben feitos, teranse en conta para subir a nota.
- Considerarase suspenso nesta materia aquel alumnado que copie nunha proba obxectiva.
- Uso incorrecto dos materiais físicos e lóxicos da aula (por exemplo, navegando en páxinas web non permitidas explicitamente polo docente) levará a realización dun traballo que deberán expoñer diante dos compañeiros. Este traballo considerase obrigatorio e contabilizará como tal, non podendo aumentar a cualificación do alumnado. A reincidencia nesta conduta pode supoñer un suspenso na materia.
- A nota correspondente a unha avaliación que estea composta por varias probas será a media ponderada (segundo a importancia das mesmas) das notas das mesmas sempre que superen o tres.
- Baixarase a nota tendo en conta os erros lingüísticos referidos a: erros na escritura, acentuación ou puntuación, utilización do vocabulario técnico axeitado, caligrafía, pulcritude... Coa posibilidade de recuperar a nota, sempre que se corrixa os erros.
- Baixaremos 0,01 por faltas de acentuación, bv, etc. e 0,2 por non utilizar a linguaxe técnica correcta.
- A materia considérase superada se se aproban todas as avaliacións.

Dado que a avaliación é continua a nota de cada trimestre elaborase considerando e valorando todo o proceso realizado dende o comezo do curso.

Para tomar nota de todos estes puntos dispórase dun medio (caderno, dispositivo electrónico...) de avaliación na que se irán apuntando observacións. Unha das táboas corresponde a información das tarefas individuais e a outra corresponde á información dos grupos.

Entre a terceira avaliación e a avaliación final o profesorado levará a cabo un plan de traballo baseado en actividades de reforzo e recuperación para o alumando que non superou a materia na terceira avaliación parcial e de ampliación para o alumando que si a superou. Estas actividades serán avaliadas de cara a nota final: a nota de cada avaliación parcial suporá o 30 % da nota final e as actividades deste período un 10%.

TECNOLOXÍA INDUSTRIAL – ROBÓTICA – ELECTROTECNIA – BACHARELATO.

O Apartado 6 **Procedementos de avaliación** queda redactado do seguinte xeito:

Dado que a avaliación é continua, na cualificación final do alumnado terase en conta o traballo realizado durante todo o curso, aprobando a materia se supera todos os trimestres do curso.

A aquel alumnado que non superen algúns trimestres, deberán realizar as actividades de recuperación (actividades escritas/proxecto/práctica) que se lles encomende e posteriormente volverán a realizar outra proba escrita do mesmo tipo que a anterior.

O alumnado avaliado negativamente polo procedemento anterior na convocatoria ordinaria do mes de xuño, deberá realizar a proba escrita que se realizarán entre os días 20 a 23 de xuño e que corresponde á convocatoria extraordinaria. Tamén se lle poderá encomendar actividades (escritas/proxecto/prácticas), tal como se recolle no punto seguinte. Así para a nota da convocatoria extraordinaria farase a suma do 70% da proba escrita e o 30% das actividades ou proxecto se é o caso, senón será o 100% da proba escrita. En calquera caso a nota resultante terá que ser igual ou superior a "5".

Actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

Para o alumnado de 1º de bacharelato, entre a terceira avaliación e a final, o profesorado levará a cabo un plan de traballo baseado en actividades de reforzo, recuperación e ampliación (estas últimas destinadas ao alumnado que superou a materia) co obxectivo de conseguir que o alumnado supere a materia. Estas actividades serán avaliadas de cara a nota final: a nota de cada avaliación parcial suporá o 30 % da nota final e as actividades deste período un 10%.

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN BACHARELATO.

O Apartado 14 **Criterios de avaliación** queda redactado do seguinte xeito:

A cualificación de cada avaliación será un número entre 0 e 10, sen decimais, considerándose apto ao alumnado con cualificación igual ou superior a 5. Para o cálculo desta cualificación (tanto para a avaliación ordinaria como para a recuperación), utilizaranse os seguintes criterios básicos:

- Os contidos conceptuais e procedementais constituirán un 80% da nota
- Os contidos actitudinais constituirán un 20% da nota

Ademais, terase tamén en conta que:

- A falta de asistencia a unha proba debe ser xustificada.
- As faltas de puntualidade e de asistencia inxustificadas penalizan a cualificación da nota de clase.
- A non realización de traballos obrigatorios suporá unha cualificación negativa e pode implicar o suspenso na avaliación sumativa.
- Os traballos entregados fóra de prazo.
- A presentación dos traballos voluntarios, no caso de estar ben feitos, teranse en conta para subir a nota.
- Considerarase suspenso nesta materia aquel alumnado que copie nunha proba obxectiva.
- O uso incorrecto dos materiais físicos e lóxicos da aula (por exemplo, navegando en páxinas web non permitidas explicitamente polo docente) levará a realización dun traballo que deberán expoñer diante dos compañeiros. Este traballo considerase obrigatorio e contabilizará como tal, non podendo aumentar a cualificación do alumnado. A reincidencia por segunda vez nesta conduta constituirá unha falta de orde e unha terceira vez suporá un suspenso na materia.
- Tanto nas prácticas individuais coma grupais, o alumnado será responsable de manter copias de seguridade do seu traballo, sendo o sistema recomendado a utilización dunha memoria USB. Se o alumnado non pode continuar unha práctica por non traer á aula dito material verá reducida a súa nota en contidos actitudinais. A reincidencia nesta conduta suporá un suspenso na materia.
- A nota dunha unidade didáctica calcularase facendo media aritmética das diferentes prácticas da mesma ou, no caso de que nesa unidade didáctica se realice unha proba escrita, esta contará un 50% da nota do tema, sendo o outro 50% a media aritmética das prácticas entregadas.

- Non farán media as probas escritas ou prácticas que non superen o 3.
- Se o alumnado non as recupera, suspenderá a materia.
- A nota da parte conceptual e procedemental correspondente a unha avaliación será a media ponderada (segundo a porcentaxe de horas adicada) das notas das unidades didácticas impartidas na devandita avaliación.
- Baixarase a nota tendo en conta os erros lingüísticos referidos a: erros na escritura, acentuación ou puntuación, utilización do vocabulario técnico axeitado, caligrafía, pulcritude... Coa posibilidade de recuperar a nota, sempre que se corrixa os erros.
- Baixaremos 0,01 por faltas de acentuación, bv, etc. e 0,2 por non utilizar a linguaxe técnica correcta.
- A materia considérase superada se se aproban todas as avaliacións.

O alumnado avaliado negativamente polo procedemento anterior na convocatoria ordinaria do mes de xuño, deberá realizar a proba escrita que se realizarán entre os días 20 a 23 de xuño e que corresponde á convocatoria extraordinaria. Tamén se lle poderá encomendar actividades (escritas/proxecto/prácticas), tal como se recolle no punto seguinte. Así para a nota da convocatoria extraordinaria farase a suma do 70% da proba escrita e o 30% das actividades ou proxecto se é o caso, senón será o 100% da proba escrita. En calquera caso a nota resultante terá que ser igual ou superior a "5".

Actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

Para o alumnado de 1º de bacharelato, entre a terceira avaliación e a final, o profesorado levará a cabo un plan de traballo baseado en actividades de reforzo, recuperación e ampliación (estas últimas destinadas ao alumnado que superou a materia) co obxectivo de conseguir que o alumnado supere a materia. Estas actividades serán avaliábeis de cara a nota final: a nota de cada avaliación parcial suporá o 30 % da nota final e as actividades deste período un 10%.